



PLAN DE TRABALO EN CIENCIAS DA NATUREZA. 6º DE E. PRIMARIA

EQUIPO DOCENTE

MATERIAIS

- Caderno de traballo.
- Recursos informáticos, especialmente EVA-Edixgal, Google Workspace.

PLAN DE TRABALO

- Traballaremos por tarefas integradas (TF), que son conxuntos de actividades contextualizadas que afectan a distintas competencias, é dicir, que poden aparecer contidos doutras áreas no horario de ciencias.
- As tarefas serán o núcleo do traballo desta área. De tal maneira que o alumnado deberá realizar investigacións guiadas sobre os contidos da materia e presentar traballos: exposicións, presentacións multimedia, murais...
- Xunto coas tarefas, haberá actividades cos contidos da aula. Procurarase, en todo momento que as tarefas e os contidos da aula estean relacionados.
- Os contidos non serán, de forma habitual, estudados memorísticamente na casa. Trátase de que os alumnos lean, comprendan, resuman e se documenten para facer o traballo de clase.
- O traballo na casa consistirá en: completar traballos de clase, actividades de repaso, lecturas, documentación, esquemas e resúmenes.

CONTIDOS POR TRIMESTRE E AVALIACIÓN

- Distribución preferente dos bloques coa ponderación correspondente, podendo aparecer en calquera trimestre en función das necesidades das tarefas:

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	%	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
Bloque 1: Cultura científica. Bloque 4: Tecnoloxía e dixitalización.			60	<ul style="list-style-type: none"> • Escala de observación. • Rexistro anecdótico. • Intercambios orais. • Análise da producións do alumnado. • Análise da produción dos aparellos fabricados ou no desenvolvemento de experimentos. • Probas obxectivas.
Bloque 3: Materia, forza e enerxía. <i>TF: Somos enxeñeiros.</i>	Bloque 3: Materia, forza e enerxía. Bloque 2 . A vida no noso planeta. <i>TF: Hospital</i>	Bloque 2: A vida no noso planeta. <i>TF: Hospital</i>	40	

Buscarase en todo momento facer participe ao alumnado da súa propia avaliación: **coavaliación** e **autoavaliación**.
As probas obxectivas tratarán de verificar as competencias adquiridas no traballo de clase. Non a memorización de contidos.